



Resolución Xunta Directiva 30 de Marzo de 2022

para a adxudicación da contratación dunha asistencia técnica para a elaboración dun documental sobre o Galp Costa Sostible Sostible co obxectivo de dar a coñecer o traballo realizado polo Galp e as inversións realizadas no seu ámbito territorial

PROCEDEMENTO:

Coa data do 10 de marzo de 2022, envíanse solicitudes de propostas acompañadas das prescricións técnicas do traballo a desenvolver e o mesmo tempo publícanse as prescricións técnicas do procedemento contratación. As propostas presentadas foron:

- 1) Aba Films, cunha oferta económica de 12.350,00 €, mais IVE.
- 2) SocialDocs, cunha oferta económica de 12.175,00.€, mais IVE.
- 3) Aporta Comunicación, cunha oferta económica de 11.000,00 €, mais IVE.
- 4) Toño Chouza, cunha oferta económica de 14.150,00 €, mais IVE.
- 5) La Nuestra Produccione, cunha oferta económica de 12.275,00 €, mais IVE.

Das propostas presentadas non se acepta a presentada por Toño Chouza por non cumprir o especificado nas prescricións técnicas que regulan o procedemento nas que se especifica que ningunha oferta poderá superar o prezo de 15.000,00 € co IVE.

A selección da oferta mais vantaxosa economicamente fíxose facendo unha comparativa do contido das ofertas presentadas tendo en conta os produtos resultantes, e a especificación de custes que non forma parte da proposta presentada:





	PRODUTOS RESULTANTES	CUSTES NON INCLUIDOS	OFERTA ECONOMICA
LA NUESTRA	Documental de 20 minutos Cartaz do documental		B.I.: 12.275 € IVE: 2.577,75 € TOTAL: 14.852,75€
ABA FILMS	Documental de duración mínima 20 minutos Máster dixital HD, subtulado para xordos e audiodescrición		B.I.: 12.350 € IVE: 2.593,50 € TOTAL: 14.943,50 €
SOCIALDOCS	Documental de 25 minutos Subtitulado Trailer documental de 1:30 minutos 5 pendrive cos vídeos en diferentes calidades e formatos		B.I.: 12.175 € IVE: 2.556,75 € TOTAL: 14.731,75 €
APORTA COMUNICACIÓN	Documental de 20 minutos en galego e Castelán 2 mini vídeos de 25 segundos	Figurantes e desprazamentos fora do territorio Galp Costa Sostible	B.I.: 11.000 € IVE: 2.310,00 € TOTAL: 13.310,00 €

Atendendo ao exposto no cadro superior considérase a proposta presentada por SocialDocs a mais vantaxosa economicamente para o grupo polas seguintes razóns:

-Todas as propostas fan referencia a un documental de duración mínima de 20 minutos segundo se especifica nas prescricións técnicas sen especificar outra duración, mentres que a proposta de Socialdocs especifica unha duración de 25 minutos.

En relación á proposta mais económica (Aporta Comunicacions)

- Os produtos complementarios ao documental da oferta seleccionada son mais vantaxosos para o grupo xa que esta oferta un tráiler dun minuto e medio de duración e 5 pendrive con vídeos de diferentes calidades mentres que a proposta mais económica oferta: dous minivídeos de 25 segundos.





Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO MARÍTIMO
Y DE PESCA (FEMP)

- Mentres que Aporta Comunicacóns oferta un documental en Galego e Castelán, Socialdocs oferta o documental subtulado, considerando o Grupo mais vantaxosa esta segunda oferta.

-A proposta de Socialdocs non fai ningún tipo de especificación sobre a non inclusión de custes polo que se entende que asumira todos os custes necesarios para a realización do documental entre eles a contratación de figurantes se así o esixe a súa realización.

Segundo o exposto a Xunta Directiva do Galp Costa Sostible **RESOLVE:**

Seleccionar a proposta presentada pola empresa Socialdocs por ser a oferta mais vantaxosa economicamente, xa que os produtos resultantes son mais vantaxosos para o grupo en termos cuantitativos en relación a todas as ofertas presentadas e ademais non especifica a non inclusión de ningún custe polo que se entende que todos os custes necesarios para a realización do documental serán asumidos por dita asistencia técnica.

Asdo: Daniel Manuel Formoso Moledo

Presidente